

Resolución do 16 de febreiro do 2024, da Dirección Xeral da CRTVG, pola que se modifica a Resolución do 30 de novembro do 2023, pola que se convoca o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG n.º 233 do 11 de decembro) derogou na súa totalidade o Real Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Os contidos en materia de igualdade son considerados como de necesaria inclusión nos temarios dos procesos selectivos convocados polo que cómpre, consultada a parte social e consonte con establecido na base III.1, proceder á actualización do anexo I da resolución e convocatoria que se cita na cabeceira, no sentido que a seguir se establece:

1.- Nas categorías de **Realizador/a** e **Redactor/a** modifícase o segundo punto do tema 6 de dereito autonómico, relativo á materia de igualdade, que pasa a ter o seguinte contido:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI

2.- Na categoría de **Titulado/a Medio/a** modifícase o terceiro punto do tema 5 de dereito autonómico, relativo á materia de igualdade, que pasa a ter o seguinte contido:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI

3.- Na categoría de **Documentalista** modifícase o punto segundo do tema 6 de dereito autonómico, relativo á materia de igualdade, que pasa a ter o seguinte contido:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI

4.- Nas categorías de **Analista programador/a**, **Reporteiro/a Gráfico/a**, **Técnico/a de control**, **Técnico/a electrónico/a**, modifícase o tema 4, de dereito autonómico en materia de igualdade, que pasa a ter o seguinte contido:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI

5.- Na categoría de **Auxiliar Administrativo/a** modifícase o segundo punto do tema 4 de dereito autonómico que pasa a ter o seguinte contido:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI

6.- Na categoría de **Almacenista** modifícase o tema 3 de igualdade que pasa a ter o seguinte contido:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI

San Marcos, 16 de febreiro do 2024
O Director Xeral da CRTVG


CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo